



**PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO
DE 3 ANOS
Curso 2021-22**

E.E.I. MILLADOIRO

Travesía do Porto s/n
15895 Milladoiro, Ames

Tfno:881866037 Móvil: 646855760

www.edu.xunta.es/centros/eimilladoiro

eei.milladoiro@edu.xunta.es

INTRODUCCIÓN

A **educación infantil** é o primeiro tramo do actual sistema educativo. Vai dirixido aos nenos e nenas de idades comprendidas entre os 0 e 6 anos. Esta etapa divídese en dous ciclos, o primeiro abarca desde 0 a 3 anos e o **segundo ciclo de 3 a 6**.

O feito de ir por primeira vez á escola é un gran paso na historia dos nenos e nenas. Implica a saída do medio familiar e a incorporación a un medio descoñecido. Desta separación nena/neno-familia e de como se resolvan estas primeiras experiencias, dependerá a visión que cada neno e nena se forme sobre a escola e influirá na súa actitude cara ela, incidirá no seu proceso de socialización e nas súas aprendizaxes. De aí a gran importancia que ten a aplicación do período de adaptación.

Se a colaboración dos pais e nais é importante ao longo de toda a escolaridade, aínda o é máis na etapa de educación infantil, xa que coa súa colaboración e co seu apoio contribuirán a darlles confianza e seguridade.

OBXECTIVOS E FINALIDADES

- Favorecer a adaptación persoal e grupal e a resolución positiva do conflito de separación dos nenos e nenas que acoden por primeira vez ao centro.
- Potenciar a colaboración e un mellor coñecemento entre familias, profesorado e centro escolar.
- Colaborar na formación das familias acerca da etapa evolutiva na que están os seus fillos e fillas.
- Mellorar o coñecemento do alumnado a través da avaliación e da entrevista inicial.
- Compartir información relevante entre as familias e o profesorado para un maior coñecemento do alumnado.

Con este plan de acollida pretendemos que os nenos e nenas veñan felices á escola e medren como persoas

MEDIDAS E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A NIVEL DE CENTRO

- Elaboración dun folleto informativo sobre aspectos relativos ao período de adaptación para entregarlle ás familias. Dito folleto revisarase cada curso.
- Reunión entre o equipo directivo e o profesorado do nivel de 3 anos para organizar o período de adaptación.
- Asesorar e informar ás familias na atención á diversidade do alumnado (titora e DO).

A NIVEL DE FAMILIA

- Entrevista individual entre as profesoras-titoras e os pais e nais. Levarase a cabo no mes de setembro.
- Se fose preciso, contaríase coa colaboración da persoa orientadora do centro.

A NIVEL DE AULA

- Estudio da documentación existente e das fichas rexistro dos novos alumnos e alumnas.
- Durante o mes de setembro o horario para o alumnado de nova incorporación será flexible e máis curto.
- Desde a dirección do centro escolar, arbitraranse e organizaranse apoios de profesorado ao longo do período de adaptación

PROPOSTAS E SUXESTIÓNS

Para facilitar o período de adaptación dos nenos e nenas de novo ingreso, é oportuno que os pais e nais teñan en conta os seguintes aspectos:

- ✓ **Mostrar confianza e seguridade na escola, amosando unha actitude serea e tranquila** de cara á separación que supón a escolarización. Os pais e nais sobreprotectores provocan nos seus fillos e fillas un maior grao de dependencia emocional. Se os pais e nais viven esa separación con medo ou angustia, transmitíranlla ao seu fillo/a, polo que a súa adaptación á escola será máis longa e difícil.
- ✓ **Crear actitudes positivas respecto á escola**, dicirlle como se chama o profesor ou profesora que vai ter, falarlle do colexio, das actividades que vai realizar, dos nenos

e nenas cos que vai xogar, dos xoguetes e materiais que vai atopar... Isto contribuirá a que o neno ou nena perciba o colexio como un lugar seguro e próximo, onde todos e todas compartimos, aprendemos, resolvemos...

- ✓ **Non facer comentarios negativos sobre a escola** evitando ameazas e facendo que con elas vexa o colexio como un lugar hostil no que terá que seguir unha disciplina máis estrita que na casa. A imaxe que un neno ou nena teña da escola será unha imaxe positiva e non represiva.
- ✓ **Facilitar información á persoa docente** que poida ser de interese e sirva para un maior coñecemento do neno ou nena. Así contribuiremos a facer da escola un espazo no que se poidan ter en conta as características persoais dos seus fillos e fillas e favoreceremos a súa integración.
- ✓ **Coñecer e prever cales son as reaccións máis habituais no alumnado durante este período:** alteracións do sono, rabecha, choros, vómitos, agresividade... para ser constantes e non ceder a posibles chantaxes.

Consideramos importante ensinalle hábitos de autocoidado e autonomía persoal:

- **Aseo e hixiene:** pedir para ir ó WC e saber ir só. Lavar as mans, a cara, limparse, secarse, soarse, cepillar os dentes... **Neste curso especialmente é imprescindible que adquiran o hábito de hixiene de mans de xeito habitual.**
- **Vestido e alimentación:** quitar e poñer o abrigo, colgar en perchas, subir-baixar cremalleiras, abrochar-desabrochar botóns, poñer-quitar calcetíns..., mastigar, estar sentado á mesa durante a comida, empregar os cubertos, o pano de mesa...
- **Coidados co propio corpo:** recoñecer como perigoso tocar enchufes, meter os dedos nos marcos das portas, saber dicir onde lle doe cando está enfermo...
- **Sono e descanso:** deitarse cedo e levantarse con tempo por diante para almorzar con calma (é imprescindible vir almorzado á escola), durmir en habitación independente da dos pais, ir retirando a sesta...
- **Relación co contorno:** saudar, pedir algo, empregar "por favor e grazas", xogar con outros nenos e nenas, recoller os xoguetes e as súas cousas...

RECOMENDACIÓNS E NORMAS PARA O CURSO ESCOLAR

Como consecuencia da crise do COVID-19, e a falta de normativa sobre a organización do novo curso, expoñemos recomendacións xenéricas, que poderán verse modificadas de aquí ao inicio de curso.

- **Roupa cómoda** para que poida ir ao váter sen dificultades de tirantes, petos, cintos... e **calzado sen cordóns**.
- **Puntualidade** no horario de entrada e saída da escola. Os primeiros momentos da clase son claves para a adquisición de hábitos e rutinas diarias favorecedoras do desenvolvemento da atención, da autonomía, da observación e comunicación, da expresión oral...; se non respectamos o horario estamos privando aos nenos e nenas destas actividades e interrompemos aos demais coa chegada a destempo. Na saída é igualmente importante a puntualidade, xa que o neno ou nena pode sentir medo e ansiedade ao ver que non veñen buscalo. **(Darase máis información sobre as entradas e saídas no mes de setembro)**
- **Para a merenda do recreo:** bocadillos, galletas, cereais, froita que o neno poida pelar e calquera outro tipo de merenda procurando evitar bollería ou golosinas.
- **Se o neno ou nena está enfermo** e non pode asistir á escola durante varios días é preciso avisar. O teléfono da escola é **881866037**.



- **Na entrada** os nenos e nenas colocaranse xunto aos demais na súa fila e incorporaranse á aula co resto dos compañeiros. Non se poderá acompañar ás nenas e nenos á porta da aula. **Na saída** serán as mestras as que lle dirán aos nenos e nenas que se poden ir unha vez controlado quen os ven a recoller. Nunca se levará a ningún neno ou nena sen avisar á mestra.
- **A recollida dun neno ou nena** dentro do horario escolar debe ser autorizada pola dirección. Os familiares que recollan a un neno ou nena durante a xornada escolar deixarán constancia desta situación firmando un escrito en conserxería. Será a conserxe o encargado de ir buscar o neno/a á aula correspondente e tamén de levalo cando chega tarde. Ao inicio de curso cada familia autorizará ás persoas que poderán recoller ao alumnado cubrindo un documento e achegando copia do DNI da persoa autorizada.

- **Chamaremos a casa** diante de incidentes eventuais ou extraordinarios que requiran a colaboración da familia. Por iso é preciso que na escola haxa un número de teléfono no que sempre se poida localizar a algún familiar.
horario de titorías para atender ás familias é o martes de 16.00h a 17.00h.
- **É fundamental a regularidade de asistencia** á escola pero aínda moito máis neste período para facilitar a adaptación dos nenos e nenas.
- **Fomentar a resolución pacífica de conflitos e non a agresividade.** Temos que aprender a resolver os conflitos a través da mediación e o diálogo. A frase típica "si che pegan, pega ti" non é unha boa actitude.
- **Evitar as mochilas de rodas.** Os nenos/as non precisan traer nada á escola, agás unha pequena merenda. As mochilas de rodas entorpecen as entradas e saídas, son difíciles de colgar e ademais dificultan unha postura corporal axeitada en nenos e nenas tan pequenos.
- **Poñer o nome** a tódalas prendas exteriores así como na mochila e mandilón (evitar o uso das iniciais). No vindeiro curso o mandilón de 3 anos será verde e branco, o de 4 vermello e branco e o de 5 azul e branco.
- **O listado de material** escolar será facilitado polas titoras ao inicio de curso.
- **Prestar atención ás notas informativas** que se mandan desde o colexio. É moi importante que periodicamente, consulten a páxina web da escola, onde se dará información de todo o relevante para as familias. www.edu.xunta.es/centros/eeimilladoiro. Tamén é recomendable descargar a aplicación AbalarMobil, para intercambio de información coa escola.
- **Colaborar na boa convivencia do centro;** respectando as normas e as recomendacións que se fan desde a escola, e facendo uso das canles establecidas para intercambio de información (xuntanzas titoría, horario atención do equipo directivo, Departamento de Orientación)

EMPREGO DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Durante o período de adaptación o alumnado non poderá facer uso do servizo de comedor escolar ata o día 22 de setembro.

Cando os usuarios habituais non empreguen o servizo deberán notificárllelo á titora por escrito e comunicalo telefónicamente á coordinadora de comedor escolar.

Para realizar a recollida do alumnado no servizo de comedor deberase respectar o horario: non se poderá recoller aos nenos e nenas antes das 15,00 horas.

Estableceranse quendas de recollida cada 30 minutos, podendo recollerse ao alumnado ás 15,00, 15.30, 16.00 e 16.20 horas. Cada familia ao inicio de curso fará a elección da súa preferencia horaria.

CALENDARIO E HORARIO

O período de adaptación durará desde o día 9 ata o día 21 de setembro. A incorporación ao centro de novos alumnos e alumnas de tres anos será progresiva e realizarase segundo o calendario que se adxunta.

Cada aula estará dividida en 4 grupos, os cales iranse incorporando ao centro nas datas e horarios que se adxuntan.

Antes de iniciarse o curso, o día 6 de setembro (ás 16.00 horas e 17.30) celebrarase unha xuntanza da titora coas familias. Para informarse do horario de cada grupo deberán chamar ao centro a partires do día 2 de setembro (881 866 037) Nesta xuntanza informarase dos materiais, normas de aula, organización do curso, etc..

SITUACIÓN DERIVADA DA COVID 19

Segundo evolucione a pandemia e a situación derivada da COVID 19 estas recomendacións poderán sufrir variacións.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN (DO 9 AO 21 DE SETEMBRO)

No mes de setembro entregárase un horario personalizado a cada familia coas quedas de cada alumno/

	9	10	13	14	15	16-17	20-21
GRUPO 1	10 a 11		9.30 - 11.00	9.30 - 11.00	9.30 - 11.00	De 10.00 a 13.00 horas Todos os grupos	De 9.30 a 13.30 horas Todos os grupos
GRUPO 2	12.15-13.15		9.30 - 11.00	9.30 - 11.00	9.30 - 11.00		
GRUPO 3		10 a 11	12.15-13.45	12.15 - 13.45	12.15-13.45		
GRUPO 4		12.15-13.15	12.15-13.45	12.15-13.45	12.15 - 13.45		